



ANEXO C
INFORME DE RESULTADOS
PLAN DE TRANSFERENCIA TECNOLÓXICA 2010

Nº DE PROTOCOLO: 10/27

1.- TÍTULO DA ACTIVIDADE:

**ENSAIO DE REDUCION DO IMPACTO AMBIENTAL DO CULTIVO DE CEBOLA
MEDIANTE REDUCION DE FERTILIZACION E REDUCION DE CUSTOS
ENERXETICOS DE CONSERVACION MEDIANTE SECADO EN CAMPO.**

2.- UNIDADE ADMINISTRATIVA ORGANIZADORA:

(centro de investigación/CFEA/OAC...)

CENTRO DE INVESTIGACIONES AGRARIAS DE MABEGONDO (CIAM)

3.- LOCALIZACIÓN DA ACTIVIDADE:

Enderezo: Explotación de Jose Manuel Valín Rodríguez. Castelo, 14, Carreterilla de Lousada

Concello: Guntín

Provincia: Lugo

4.- RESPONSABLE:

Juan Castro Insua

Tfno.:981647902

5.- DATOS DO COLABORADOR:

Nome e apelidos: LABREGOS DE LUGO SAT N 1382 XUGA

Enderezo:PRAZA DO CONCELLO, 1

Concello:RIOTORTO

Provincia:LUGO

NIF:V27373208

Tfno.:679956274

6.- INTRODUCCIÓN:

Labregos de Lugo é unha SAT de recente creación, que agrupa a produtores de horta extensiva. Xa ten feito no ano anterior un investimento importante para a limpeza, selección e envasado de patacas e cebolas, dúas das súas producións centrais.

A SAT ten como propósito comercial a posta no mercado de produtos de alta calidade, que se podan diferenciar; a este efecto, xa ten realizado un traballo para desenvolver envases innovadores que permitan tal diferenciación. Paralelamente, pretende que os produtos sexan producidos co mínimo de impacto ambiental posíbel, dentro dunha agricultura respectuosa co medio ambiente.

No caso da cebola, existe un certo temor á redución do abonado nitrogenado. De alí o interese de realizar unha proba demostrativa das posibilidades de redución de doses. A maiores, a investigación xa ten establecido que a dose de abonado nitrogenado ten unha incidencia sobre a conservación dos bulbos. Ambas cuestións teñen moita importancia para a SAT, na medida en que a redución do abonado podería permitir unha redución de custos de produción, á vez que unha redución das perdas nas cebolas de venda tardía, que son as que maiores prezos acadan no mercado.

Pola outra banda, existe unha relación entre a duración do secado en campo e a conservación da cebola. Neste intre, a SAT esta a estudar a posible necesidade de realizar unha conservación en cámara; pero esta solución non é totalmente satisfactoria, dado que, alén do custo do investimento, isto supón un custo

enerxético que a SAT quixera non ter que asumir. Xorde entón o interese de estudar a conservación da cebola de xeito conxunto a un estudo sobre a influencia do abonado nitrogenado.

7.- MATERIAL E MÉTODOS:

O ensaio desenvolveuse no concello de Guntín, en Lugo, na explotación de Jose Manuel Valín Rodríguez, nunha parcela de 120m².



O ensaio realizouse en parcelas elementais de 10 m² cada una (1m x 10m). As parcelas foron definidas após a sementeira (21-05-10), que foi labor do produtor.

Cada un dos 5 tratamentos (Táboa 1) efectúose en tres parcelas elementais, con distribución das repeticións en bloques ao chou. Os tratamentos consistiron nunha variación da dose de abonado nitroxenado químico, co mantemento das doses de abonado fosfórico e potásico segundo da práctica do produtor no mesmo cultivo este ano.

TRATAMENTO	DOSIS NITRAMON/PARCELA	DOSIS SUPERFOSFATO/PARCELA	DOSIS POTASA/PARCELA
TRAT. 1 (100%)	0,64 KG	1,15 KG	0,23 KG
TRAT. 2 (75 %)	0,48 KG	1,15 KG	0,23 KG
TRAT. 3 (50%)	0,32 KG	1,15 KG	0,23 KG
TRAT. 4 (25%)	0,16 KG	1,15 KG	0,23 KG
TRAT. 5 (0%)	0 KG	1,15 KG	0,23 KG

Táboa 1: Tratamentos do ensaio

En canto ao manexo da parcela en outros ámbitos, deixouse plena liberdade ao produtor para realizar as prácticas que estimou conveniente, segundo das súas prácticas habituais. Os tratamentos fitosanitarios aparecen na Táboa 2. Realizáronse 9 visitas de seguimento ao cultivo.

INCIDENCIA	DATA	PRODUCTO	DOSIS	APLICADOR
Aplicación herbicida	22/05/10	centurion plus	3 l/ha	agricultor
tratamento	29/05/10	challger	dose máxima autorizada	agricultor
tratamento	20/06/10	Galben-m	dose máxima autorizada	agricultor
tratamento	02/07/10	Galben-m + inactor 48 + insecticida Sistémico perfenhion	dose máxima autorizada	agricultor
tratamento	18/07/10	Challger + centurion plus + + mextrol = ioxinil.	dose máxima autorizada	agricultor

Táboa 2: Tratamentos fitosanitarios

Recolléronse 60 kg de cebolas da parcela do produtor no momento en que as parcelas presentaban mais do 60% das plantas deitadas; se dividíronse en 3 lotes de 20 kg que se deixaron secar en campo durante 3, 7 e 11 días respectivamente. Esta parte das cebolas utilizaranse para o estudo da influencia do tempo de secado en campo sobre a conservación

Nas parcelas do ensaio recolléronse as cebolas canda o produtor o estimou correcto. Deixáronse secar en campo tres días e logo foron gardadas e pesadas para o estudo da influencia do abonado nitroxenado na produción. Estas mesmas cebolas serán pesadas o cabo de 3 e logo 5 meses para estudar a influencia do abonado nitroxenado na conservación das cebolas.

As datas das operacións aparecen na Táboa 3.

INCIDENCIA	DATA	OBSERVACIÓNS
Visita para Recollida dos 60 kg	17/08/10	recolléronse os 60 kg o chou de cebolas da parcela do produtor e deixáronse secar en campo.
recollida primeiro lote E gardar	20/08/10	gardouse o primeiro lote despois de levar 3 días De secado en campo
recollida segundo lote e e gardar	24/08/10	gardouse o segundo lote despois de levar 7 días de secado En campo
recollida tercer lote E gardar	28/08/10	gardouse o tercer lote despois de levar 11 días De secado en campo
recollida das cebolas Das parcelas elementais	21/09/10	arrincaronse as cebolas das parcelas elementais e deixaronse Secando en campo
gardar e pesar	24/09/10	gardaronse e pesaronse as cebolas por parcelas Elementais despois de tres días de secado en Campo

Táboa 3: Operacións realizadas a partires da recolección



8.- ANÁLISE DE RESULTADOS:

Queda pendente a realización da análise estatística dos datos, que precisa de recoller os datos ao 5 meses. Prevese poder entregar esta información no mes de marzo do 2011.



9.- RESUMO E CONCLUSIÓNS:

Prevese poder entregar esta información no mes de marzo do 2011.

10.- DATA E SINATURA DO RESPONSABLE:

Mabegondo, 10 Decembro 2010.

Asdo: Juan Castro Insua